



INSTRUCCIÓN Nº 7 DE 23 DE MAIO DE 2018 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO PARA GARANTIR O ANONIMATO NAS PROBAS ESCRITAS NOS PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

Os oito grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) recoñecidos pola consellería do Mar teñen asinados convenios de colaboración para a aplicación das súas Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de pesca (FEMP) 2014-2020

A cláusula decimosexta do convenio mencionados relativa ao persoal do GALP establece que a súa selección deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

O financiamento dos gastos de persoal con cargo a fondos públicos, tanto autonómicos como da Unión Europea, esixe o cumprimento destes principios por parte dos GALP, se pretenden a súa imputación como un custo elixible no marco do Convenio de Colaboración coa Consellería do Mar.

Con data 30 de abril de 2018 a Valedora do Pobo emitiu informe en relación cun expediente de queixa relativo a un proceso selectivo dun grupo de acción local do sector Pesqueiro. O informe conclúe cunha recomendación en relación coa garantía de anonimato nas probas tipo test dos procesos selectivos.

Co obxecto de aumentar a transparencia nos procesos de selección e tendo en conta o establecido no punto 2 da cláusula vixésima segunda do convenio, que habilita á Consellería do Mar para ditar regras complementarias e instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP,

Dítase a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Nas probas escritas dos procesos de selección do persoal do GALP adoptaranse as seguintes medidas para garantir o anonimato dos aspirantes que concorren aos procesos selectivos:

1. O persoal aspirante recibirá un impreso para consignar os datos persoais e dous sobres, un grande e outro pequeno.
2. O persoal aspirante cubrirá os impresos e os introducirá no sobre pequeno e o pechará.
3. En función das características do exercicio, entregaránselle ao persoal os exames tipo test ou os folios para o desenvolvemento das preguntas, que neste último serán numerados polo aspirante .
4. Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen as persoas asinantes, ou sinais ou marcas que puideran romper o anonimato, así como aquel que resulte inelixible.





5. Finalizada a proba escrita, esta se incluírá no sobre grande que se lle entregará aos responsables do proceso xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais. Os responsables do proceso pegarán unha etiquetas adhesivas codificadas no primeiro folio do exame e outra no sobre pequeno dos datos persoais.

6. Os responsables gardarán os sobres pequenos que conteñen os datos persoais nun sobre grande, o cal será asinado por todos os membros da comisión de selección, e non será aberto ata que finalice a cualificación anónima da proba escrita. Una vez corrixida e cualificada a proba, procederase a apertura do sobre grande, para o cal requirirase a presenza de testemuñas, e levantarase acta.

Santiago, a 23 de maio de 2018

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

